

Grao de Historia

***O Segundo Sexo* e o seu eco  
silenciado: a influencia de Simone de  
Beauvoir no feminismo español  
(1949-2000)**

Sabela Gey Lesende

Directora: Stefania Barca

Historia Contemporánea

Curso 2024/2025

## Índex

Introdución .....	3
A publicación de <i>O Segundo Sexo</i> e a súa recepción internacional .....	6
Contexto do feminismo en España .....	10
A chegada a España: contrabando, censura e primeiras edicións.....	12
A recepción de <i>O Segundo Sexo</i> na cultura española.....	18
Contexto lexislativo.....	18
Os periódicos .....	21
Renacemento do interese no século XXI.....	25
Conclusións: legado na historia do feminismo en España .....	29
Bibliografía.....	32
Anexo .....	35

## Resume

*O Segundo Sexo* de Simone de Beauvoir exerceu unha influencia determinante na evolución do feminismo en España, malia a censura franquista. A súa difusión, primeiro clandestina e logo institucional, converteuna nunha obra fundamental para comprender a loita pola igualdade de xénero no século XX. A lectura desta obra permitiu repensar o papel social e político das mulleres. Foi tamén unha fonte de inspiración para o feminismo español da Transición.

**Palabras clave:** feminismo, Simone de Beauvoir, O Segundo Sexo, censura, España.

## Resumen

*El segundo sexo* de Simone de Beauvoir tuvo un impacto clave en el feminismo español del siglo XX. Su recepción, primero limitada por la censura, dio paso a una integración creciente en el ámbito cultural y académico como obra esencial en la lucha por la igualdad. Su lectura favoreció una toma de conciencia sobre la opresión estructural de las mujeres. Fue además una herramienta teórica para el activismo feminista.

**Palabras clave:** feminismo, Simone de Beauvoir, El segundo sexo, censura, España.

## Abstract

*The Second Sex* by Simone de Beauvoir significantly shaped Spanish feminism in the 20th century. Despite early censorship, the work became a key reference in academic and social debates on gender equality. It contributed to raising awareness of systemic gender discrimination. The book also served as a catalyst for feminist thought and activism in Spain.

**Keywords:** feminism, Simone de Beauvoir, The Second Sex, censorship, Spain.

## Introducción

Simone de Beauvoir tivo unha gran influencia na sociedade da época como escritora, filósofa e, máis adiante na súa vida, feminista. As súas obras foron traducidas a diversos

idiomas, estendéndose internacionalmente e converténdose, nunha época onde as voces das mulleres eran aínda marxinais, nunha das grandes escritoras do momento. Filósofa, ensaísta, novelista e, sobre todo, pioneira do feminismo contemporáneo, a súa traxectoria intelectual foi marcada polo constante cuestionamento dos piares fundamentais da sociedade patriarcal.

*O Segundo Sexo* afectaría á sociedade internacional e ao movemento feminista. A cuestión abordada neste ensaio analizará especialmente a súa afectación na sociedade española da época e como afectou ao feminismo tal e como o coñecemos. A súa difusión internacional, mediante traducións a varios idiomas, axudou a cimentar o seu prestixio e a súa influencia en diversos contextos culturais e políticos. En España encontrámonos que a recepción desta obra estivo fortemente condicionada pola censura franquista, o que obrigou a unha circulación da obra nun inicio de maneira clandestina, coas edicións latinoamericanas, procedentes de Bos Aires e México. Pese a todas as limitacións que se lle foron impostas, *O Segundo Sexo* foi filtrándose ás poucas na cultura española, primeiro en círculos intelectuais e feministas localizados e, co paso do tempo, de maneira aberta.

O presente traballo pretende analizar o impacto de *O Segundo Sexo* no contexto español dende a súa publicación ata os primeiros anos do século XXI, con especial atención ao período das décadas de 1960 e 1970. Este intervalo histórico é esencial para entender os cambios políticos e sociais que houbo, como a liberalización parcial da censura e a progresiva apertura do réxime a influencias do exterior. Neste período tamén observamos unha reorganización continua do pensamento feminista español, preparándose para a institucionalización que ocorrería durante a Transición e os primeiros anos de democracia.

Ademais da revisión histórica e teórica, incorporouse ao estudo unha enquisa dirixida a persoas novas de entre 14 e 25 anos, difundida a través de medios dixitais, co obxectivo de coñecer o grao de coñecemento actual sobre Simone de Beauvoir e a súa obra, así como a percepción do feminismo na mocidade contemporánea. Esta enquisa complementa a análise bibliográfica cunha visión actual sobre a vixencia das ideas de Beauvoir na sociedade do século XXI.

A metodoloxía que se adopta nesta análise está fundamentada principalmente na revisión de fontes secundarias como os artigos académicos, libros especializados e estudos de recepción cultural, os cales documentan e interpretan o impacto da obra. Así mesmo, recorrerase a fontes primarias como a propia obra de Simone de Beauvoir, en especial a tradución ao castelán publicada por Edicións Cátedra en 2023, a cal inclúe unha introdución de Teresa López Pardina, así como diversos prólogos doutras edicións anteriores, permitíndonos rastrexar o proceso de reinterpretación e contextualización da obra ao longo do tempo.

Dende o ámbito da historiografía feminista, os traballos como os de María Isabel Corbí Sáez (2010) e Gloria Nielfa Cristóbal (2002) ofrecen unha aproximación ás dificultades da recepción de *O Segundo Sexo* en España, documentando o papel da censura, a circulación clandestina e o contexto represivo da ditadura. Pilar Godayol (2017), pola súa parte, destaca o papel das traducións catalás, especialmente as realizadas por Edicións 62 en 1968 co título *El Segon Sex*, como fitos que facilitaron o acceso ao pensamento de Beauvoir nos espazos das periferias do Estado, onde a ansia de modernización cultural e social encontrou unha saída a través deste discurso.

No plano político e filosófico, temos autoras como María Laffite, Cèlia Amorós e Amelia Valcárcel, que resultaron claves para comprender como o pensamento de De Beauvoir foi reempregado e referenciado polas intelectuais feministas españolas. Amorós, a través do seu Seminario Permanente Feminismo e Ilustración, e Valcárcel co seu enfoque no feminismo ilustrado, contribuíron para crear e establecer unha tradición de pensamento feminista académico ao redor da obra de *O Segundo Sexo*. Os seus traballos permiten entender como Beauvoir pasou de ser unha autora de pensamentos marxinais no contexto español a unha referencia na crítica ao patriarcado.

Tamén dende o punto de vista da tradución e recepción internacional, investigadoras como Beatriz Cagnolati (2008), Ana S. Ortiz (1999) e Paloma Álvarez Carrillo (2021) analizaron as varias edicións en castelán, destacando os problemas de fidelidade, as omisións ideolóxicas e a relevancia das versións latinoamericanas como pontes entre o pensamento feminista europeo e as lectoras españolas durante o período da ditadura. Estes

estudos permitíronnos entender a circulación material da obra como un proceso bastante complexo, marcado por intereses editoriais e limitacións polas políticas.

Compre salientar que a consolidación do legado de Beauvoir en España prodúcese con máis potencia logo dos anos 90, especialmente trala súa morte no ano 1986. A edición conmemorativa do quincuaxésimo aniversario de *O Segundo Sexo* no ano 1998, as posteriores reedicións, dan evidencia á súa incorporación definitiva ao pensamento feminista español.

Este ensaio estrutúrase entón ao redor de tres grandes momentos: a publicación e recepción internacional da obra en 1949; a chegada a España, tendo en conta con especial atención a difusión clandestina da obra, as primeiras traducións e o contexto socio-político da ditadura; e, por último, o renacemento do interese a finais dos anos noventa e comezos do século XXI, o momento no que esta obra se convertería nunha referencia consolidada no feminismo.

A través da análise seguinte, preténdese facer visible non só o impacto dunha obra fundamental para entender a teoría feminista contemporánea, senón tamén as dinámicas complicadas da recepción cultural nun contexto como o español, marcado por décadas de represión ideolóxica, censura e exclusión das voces femininas.

## A publicación de *O Segundo Sexo* e a súa recepción internacional

Nata en París no ano 1908, a autora escribiu unha variedade de obras, dende novelas, biografías, monográficos políticos e ata ensaios filosóficos. Educada na forte moral católica por influencia da súa nai, a autora acabou sendo atea unha vez na adolescencia, ideas que se ven reflexadas nas súas obras<sup>1</sup>.

Pese a nacer nunha familia burguesa que lle puido dar unha gran educación, trala primeira guerra mundial cambiou as circunstancias da familia, impedíndolles continuar co seu

---

<sup>1</sup> López Pardina, 2023, págs. 21-29

modo de vida e depender da súa dote como moitas outras rapazas da época polo que aproveitou para comezar a traballar como profesora no liceo e ao tempo formarse en campos superiores de escritura, filosofía e matemáticas<sup>2</sup>.

O seu emparexamento con Jean-Paul Sartre en 1929 comeza como unha especie de contrato matrimonial<sup>3</sup> escollido polos dous, o que posteriormente pasará a ser unha situación de parella feliz que axudará á nosa autora a escribir sobre o matrimonio. Simone de Beauvoir explicaría nas súas obras como consideraba o matrimonio unha institución perigosa para todos os integrantes deste, pois sentía que o home estaba atrapado coa familia, a muller de igual forma e, ademais, non sería independente economicamente. Menciona tamén a posición dos fillos e como en moitas ocasións acaban sendo recibidores da frustración de ambos<sup>4</sup>.

A pesar de que Simone de Beauvoir non se consideraba filósofa os seus escritos sobre filosofía existencialista e feminista foron publicados en varias revistas e periódicos, sendo influenciada e influenciando á súa parella Jean-Paul Sartre<sup>5</sup>.

O nacemento do libro de Simone de Beauvoir vén logo da etapa sufraxista<sup>6</sup>. O interese de Beauvoir ao escribir a obra era expoñer dalgunha maneira que as diferenzas entre os xéneros non eran de natureza completamente biolóxica, senón creadas por unha construción social. Desta maneira, explicaría a posición na que as mulleres se ven colocadas. A autora analiza a posición social das mulleres a través de métodos de investigación regresivo-progresivo<sup>7</sup> que tenta rastrear nos orixes os motivos da situación feminina de opresión, desenmascarando os elementos ideolóxicos da cultura e analizando criticamente as ideas sobre as que se asentán; tamén se ocupa na segunda parte da súa obra publicada en novembro de 1949 de reconstruír a vida das mulleres na situación xa analizada, no seu propio marco sociocultural.

---

<sup>2</sup> Ibid.

<sup>3</sup> Pese a vivir xuntos dende a decisión de facerse parella, nunca chegaron a casarse.

<sup>4</sup> De Beauvoir, 2023, págs. 497-580

<sup>5</sup> Ibid., págs. 45-63

<sup>6</sup> Romero Pérez, 2012, p. 174

<sup>7</sup> López Pardina, 2023, pág. 16

A primeira parte da obra, publicada en xuño de 1949 contou cunha grata acollida do público francés, vendéndose só na primeira semana sobre 22.000 exemplares nunha época onde as publicacións das mulleres aínda comezaban a converterse en algo normalizado. Por outra parte encontrámonos que os adiantos que se publicaron na revista que Sartre dirixía, *Les Temps Modernes*, causaron un gran escándalo: pese a que se vendeu unha gran cantidade de revistas, as críticas dos opositores comezaron a volverse violentas e difamatorias por considerar os escritos demasiado obscenos<sup>8</sup>.

Coa chegada de novembro de 1949 publícase por fin a seguinte parte da obra de *O Segundo Sexo* e a obra verteríase nunha escena de caos: chegou a prohibirse en Portugal e os países que formaban parte da Unión Soviética, en Inglaterra houbo protestas sobre a obra e o Índice Vaticano incluíu a obra nos libros prohibidos no ano 1956<sup>9</sup>, retiráronse copias das librerías e, no caso español, mentres non chegou ata os setenta, só se encontraría a través de importacións de contrabando dende América<sup>10</sup>.

As opinións favorables viñan, por outra parte, da xente nova menos coñecida e, maiormente destacable por algunhas mulleres; observamos textos que destacan a novidade e a modernidade que nace deste libro, un que tenta deixar atrás a moral tradicional da posguerra. Por suposto tamén podemos encontrarnos apoios doutros sectores da sociedade, como os intelectuais e políticos moderados que seguindo un espírito de resistencia política buscaban crear unha terceira vía. Tamén podemos encontrarnos con algunhas figuras da dereita que apoiaban este texto como a figura de Emmanuel Mounier, director da revista *L'Esprit*, un católico progresista, que escribiría e publicaría na súa revista unha recensión sobre o libro falando dos acertos deste e a crítica cara os opositores e incluso a Igrexa Católica<sup>11</sup>.

O éxito do libro naceu principalmente do interese das mulleres, incluídas as mulleres que non parecían potenciais interesadas na lectura desta obra (como mulleres piadosas protestantes). Porén, serían as mulleres novas, as intelectuais, periodistas, escritoras e

---

<sup>8</sup> Morant, *El Segundo Sexo*, de Simone de Beauvoir y el feminismo contemporáneo, 2017, p. 121

<sup>9</sup> Martínez Pérez, 2023, p. 75

<sup>10</sup> Morant, *Lecturas de El Segundo Sexo* de Simone de Beauvoir, 2018

<sup>11</sup> Morant, *El Segundo Sexo*, de Simone de Beauvoir y el feminismo contemporáneo, 2017, pp. 126,128-129

profesionais as que lerían o libro e usarían as súas voces para destacalo e publicitalo entre os seus grupos sociais o que nos amosa desta maneira o novo interese que estaba xurdindo entre as novas xeracións por unha evolución sociocultural da situación das mulleres.

Chegado o ano 1948 María Laffitte, condesa de Campo Alange e pioneira do feminismo intelectual, escribiría no prólogo da segunda edición do seu libro *A Secreta Guerra dos Sexos* unha mostra do seu interese polos cambios e modernizacións que estaba sufrindo Europa en relación coas mulleres e na segunda edición do seu libro, publicada en 1950, mencionaría no prólogo a Simone de Beauvoir por expoñer a idea da posición da muller como *outro*, na sociedade<sup>12</sup>. Con isto, referímonos á idea de Beauvoir de que as mulleres eran tratadas como o *outro* personaxe na sociedade, mentres o home é sempre o suxeito.

Na década dos 1950 tamén nos encontramos cunha recesión de Mercedes Formica, onde analiza os argumentos de Beauvoir e expón a continuación a súa reflexión sobre a situación do xénero feminino en España dende o inicio da ditadura. Con isto, ambas autoras farían publicidade ao libro de Simone de Beauvoir grazas ás súas propias publicacións, dunha maneira positiva; por suposto, non faltaron as mulleres que crearon publicidade do texto de maneira negativa<sup>13</sup>.

Josep Maria Castellet, un novo intelectual barcelonés, publicou na revista pro falanxista *Estilo* unha recensión sobre *O Segundo Sexo*. O escrito, dirixido principalmente ás universitarias, é un manifesto a favor dos dereitos da muller así como unha denuncia á posición pasiva das mulleres no país, comparándoo co papel das mulleres francesas, emancipadas e liberadas en comparación. Na recensión, ademais de admirar as ideas de Beauvoir, critica a censura e falta de liberdade do réxime franquista; todo isto, evidentemente, tivo consecuencias inmediatas, Castellet foi expulsado e a revista, clausurada<sup>14</sup>.

Xa avanzando na décadas dos cincuenta, no ano 1955, Rafaela Rodríguez publica o artigo *Hacia que mujer vamos*<sup>15</sup> en *Eidos*, unha revista de Madrid creada o ano anterior pola

---

<sup>12</sup> Corbí Sáez, 2010, pág. 174

<sup>13</sup> Nielfa Cristóbal, 2002, p. 156

<sup>14</sup> Morant, Lecturas de El Segundo Sexo de Simone de Beauvoir, 2018, pág. 14

<sup>15</sup> Godayol, Tres escritoras censuradas: Simone de Beauvoir, Betty Friedan y Mary McCarthy, 2017, p. 16

primeira directora xeral da Institución Teresiana, María Josefa Segovia Morón. O artigo ten unha recensión en contra da obra de Beauvoir, onde, segundo Rodríguez, a autora nega a feminidade, a reprocha por atea, anticristiá, demasiada simpleza no escrito e defensa da escola de filosofía mixta: o fio do argumento únese por bases das ideas cristiás, non obstante, admite que é a obra máis seria escrita sobre a muller<sup>16</sup>.

Por outra parte, na mesma inclinación idearia, temos a Ortega y Gasset nun artigo publicado en 1981 na revista *El hombre y la gente*, criticando a “manía igualitarista” de Beauvoir e afirmando que a muller era máis débil, polo que así se xustificaba a súa inferioridade de rango vital e que existir en referencia a outros era a maneira do xénero feminino de ser feliz<sup>17</sup>.

Chegaría un momento onde as obras da autora, que xa eran coñecidas en España, estableceran unhas bases importantes para que as mulleres españolas comezasen a sentirse libres para escribir sobre os temas que lles interesaban. *O Segundo Sexo* estendeuse con facilidade no ámbito internacional grazas á tarefa de tradución dos diferentes países, a maioría das traducións tiñan omisións, transformacións e re-inscricións, xa fose pola propia censura dos países, por fallos dos propios tradutores ou de diferenza ideolóxicas<sup>18</sup>.

## Contexto do feminismo en España

A recepción de *O Segundo Sexo* en España non se pode entender sen atender á historia do feminismo no país, marcada por longos períodos de invisibilidade, represión e desarticulación. A análise deste contexto permítenos comprender mellor por que a obra de Simone de Beauvoir, malia a súa repercusión internacional inmediata, tardou varias décadas en atopar eco real na sociedade e no discurso feminista español.

Na Segunda República observamos un punto de inflexión histórico para a situación das mulleres en España, marcando un avance significativo para a súa emancipación política, social e legal. Aínda que a loita polos dereitos das mulleres xa tiña antecedentes no

---

<sup>16</sup> Godayol, Simone de Beauvoir bajo la dictadura franquista las traducciones al catalán, 2015, pág. 17

<sup>17</sup> Romero Pérez, 2012, p. 175

<sup>18</sup> Grisaleña López, 2019, p. 11

territorio español, foi neste período cando vemos a institucionalización de reformas importantes que recoñecían dereitos negados ata aquel momento<sup>19</sup>.

Nos anos previos a esta etapa republicana vemos que o feminismo español tiña unha inclinación cara educación e participación en espazos relixiosos e sociais xa que existía unha separación clara entre as esferas públicas e privadas, sendo esta última a asignada ás mulleres, baixo os ideais tradicionais do “anxo do fogar” ou a “perfecta casada”. Mulleres como Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán xogaron un papel pioneiro na defensa da educación feminina e da igualdade intelectual cos homes, aínda que nun contexto onde o feminismo era minoritario e de talante elitista<sup>20</sup>.

Coa chegada da República as mulleres obtiveron a cidadanía política plena, incluíndo o dereito ao sufraxio en igualdade co home<sup>21</sup>. Este dereito xerou unha polémica forte dentro do republicanismo, con sectores que se opoñían tajantemente por medo á influencia da Igrexa sobre o voto feminino, por outra banda temos a defensa firme de figuras como Clara Campoamor<sup>22</sup>.

Tamén se aprobaron as leis pioneiras como a do divorcio, o matrimonio civil e medidas laborais tales como o seguro de maternidade. Maila todo, as desigualdades persistían, pois os salarios das mulleres eran notablemente inferiores e en moitos postos cualificados as mulleres seguían sen poder exercer<sup>23</sup>.

A educación foi o eixe que o cambiou todo na República. Aumentou o número de alumnas en todos os niveis, particularmente na secundaria e na universidade, favorecendo a súa incorporación ao mundo laboral e á vida pública. Xunto a iso, desenvolveuse un asociacionismo feminista cada vez máis forte, con organizacións como a Asociación Nacional de Mujeres Españolas (ANME) e a Unión de Mujeres Españolas, que reclamaban non só dereitos políticos, senón tamén sociais e laborais<sup>24</sup>.

---

<sup>19</sup> García Morales, 2019, pág. 7

<sup>20</sup> Madruga Bajo, 2020, pág. 64

<sup>21</sup> Artigo 36 da constitución de 1931

<sup>22</sup> Pérez Lucas, 2016, pág. 92

<sup>23</sup> García Morales, 2019, pág. 17

<sup>24</sup> Ibid., pág. 20

Hai que destacar que o feminismo non foi un movemento homoxéneo: existiron tamén correntes como o feminismo católico que, aínda compartindo a preocupación pola mellora da condición feminina e pola superación de desigualdades, articulaban as súas reivindicacións desde unha perspectiva relixiosa. Estas correntes rexeitaban unha ruptura total co sistema patriarcal e centraban as súas demandas na educación moral, na dignidade da muller e na protección da familia tradicional, entendendo a súa acción como compatible cunha visión cristiá da sociedade<sup>25</sup>.

En definitiva, a Segunda República significou unha etapa de avances legais e de visibilidade para as mulleres españolas, pero tamén de tensións e resistencias fronte aos cambios nos roles de xénero. Este contexto histórico ofrece un marco idóneo para comprender os debates contemporáneos sobre a identidade feminina, a liberdade e a igualdade que desenvolve Simone de Beauvoir en *O segundo sexo*.

## A chegada a España: contrabando, censura e primeiras edicións

A primeira mención de Beauvoir en España aparece o 24 de abril de 1945 en *La Vanguardia Española*, onde o xornalista Luis G. de Linares intentaba desacreditar o seu artigo *Quatre jours à Madrid*, criticando a súa visión do franquismo. A partir de aí, as referencias á autora mostraban a alineación coa ideoloxía do réxime, e as súas obras sufriron unha forte censura<sup>26</sup>.

A finais dos corenta e nos cincuenta, coa tímida apertura do país, o nome de Beauvoir empezou a circular en círculos progresistas clandestinos, vinculado ás ideas feministas. Grazas a algunhas voces femininas, chegou tamén ao espazo público, malia as limitacións do contexto político<sup>27</sup>.

Nun inicio, a figura de Simone de Beauvoir era coñecida como unha escritora de obras de ficción e das súas memorias, sen ser os seus ensaios reeditados e publicados nas

---

<sup>25</sup> Ochoa Crespo, 2016, pág. 172

<sup>26</sup> Martínez Pérez, 2023, pág. 74

<sup>27</sup> Corbí Sáez, 2010, pág. 176

colecións públicas<sup>28</sup>. É por interese das editoriais tanto nacionais como internacionais que se publican maioritariamente as obras de narrativa e autobiográficas de Beauvoir, xa que estas non contaban con material que se censuraría e tería consecuencias para a editorial.

O réxime franquista foi consciente con moita rapidez da presenza deste tipo de obras feministas e revolucionarias e o interese do público, polo que comezaron unha forte censura cara aqueles textos que se considerasen polémicos e perigosos, maioritariamente escritos por escritoras que poderían afectar á moral virtuosa dos lectores e lectoras.

*O Segundo Sexo* defendía ideas opostas ao ideario franquista: criticaba a familia patriarcal, defendía a autonomía da muller, cuestionaba o esencialismo biolóxico e promovía a igualdade educativa e laboral, ademais de sinalar a relixión como ferramenta de opresión<sup>29</sup>. Estas teses chocaban coa visión franquista da muller como esposa, nai e anxo do fogar, cunha sexualidade reprimida, acceso limitado á educación e ao traballo, e cun forte control ideolóxico da Igrexa Católica<sup>30</sup>.

Pese a todo, os periódicos españoles como *La Vanguardia Española* ou *El País*, seguiron escribindo e publicitando sobre Simone de Beauvoir e as súas obras. Por iso, non podemos dicir que as súas obras non fosen coñecidas entre o público, pois aqueles intelectuais sobreviventes na ditadura eran lectores da revolucionaria escritora.

Outro aspecto destacado é que a ditadura impuxo un sistema represivo que promoveu un novo modelo de feminidade, influíndo no comportamento das mulleres. A través da Sección Feminina e da Acción Católica, educábase ás nenas para adaptarse a este ideal<sup>31</sup>. Tamén as mulleres famosas e as revistas cinematográficas contribuíron a construír este modelo mediante propaganda de xénero, especialmente nas publicacións máis populares entre o público feminino<sup>32</sup>.

---

<sup>28</sup> Ibid.

<sup>29</sup> De Beauvoir, 2023, págs. 63-109

<sup>30</sup> Helgadóttir, 2024, págs. 16-17

<sup>31</sup> Álvarez Rodrigo, 2024, pp. 439-440

<sup>32</sup> Ortiz Heras, 2006, pág. 6

A actitude antifeminista da época representaba á muller como ser inferior de maneira espiritual e intelectual, tendo como única vocación a de ama de casa e nai, engadíuselle tamén as dificultades á actividade laboral feminina e todos os impedimentos creados para limitalas reforzado co sistema educativo deficiente que se lle impoñía as nenas para que non tivesen formación máis alá da educación primaria<sup>33</sup>.

Non obstante, moitas das mulleres españolas, tanto feministas como non concordes co movemento, encontraron unha voz de representación na autora en canto a ruptura coa moral católica<sup>34</sup>: hai que ter en conta que, mentres que Francia era un país laico, nun inicio era de educación principalmente católica e polo cal podemos observar como a nova idea de laicidade esténdese á sociedade española, onde coa Transición observamos unha secularización da moralidade tradicional.

Por iso, tamén nos encontramos coa presenza da edición de *O Segundo Sexo* publicada en Arxentina pola editorial Psique en 1954<sup>35</sup> en España. Esta foi abordada pola censura no momento no que tentou chegar á península<sup>36</sup>(así como edicións procedentes de México<sup>37</sup>). Pese a todo, algúns exemplares eran vendidos de maneira clandestina en certas librerías, maioritariamente a partir dos anos sesenta e setenta<sup>38</sup>.

Tendo en conta o contexto de censura que había durante a época do Franquismo, encontrámonos cun incremento de contrabando, sendo os libros un dos moitos artigos cos que ocorría; vindo tanto de Latino América como de Francia. En xeral estes libros acostumaban chegar a librerías onde posteriormente vendíanse nas trastendas como libros especializados que, ademais, tiñan prezos superiores do acostumado. Calquera lector interesado sabía onde podía encontrarse con estes documentos.<sup>39</sup>

---

<sup>33</sup> Ortiz Heras, 2006, págs. 5-9

<sup>34</sup> Romero Pérez, 2012, pp. 179-180

<sup>35</sup> Sería a segunda edición da obra publicada en Arxentina e a primeira pola editorial Leviatán, datada de 1952.

<sup>36</sup> Non pasou oficialmente a censura e polo cal a obra non foi permitida en España, non obstante as vendas ilícitas seguían ocorrendo.

<sup>37</sup> As edicións encontradas nas bibliotecas de España procedían de México, a partir de 1968.

<sup>38</sup> Morant, *Lecturas de El Segundo Sexo* de Simone de Beauvoir, 2018, p. 10

<sup>39</sup> Cornellá-Detrell, 2015, pág. 42

Por outra parte, para saber se un libro foi artigo de contrabando, a única maneira de comprobalo é revisar se o Archivo General de Administración conta coa ficha do libro, e acto seguido verificar a existencia do volume na Biblioteca Nacional, xa que deben ser entregada unha copia de calquera libro que entrase de maneira legal a España. O último paso sería escrutar as librerías de segunda man pois se podemos encontrar aí os documentos, sabemos que o libro foi vendido de maneira ilegal no territorio español.<sup>40</sup>

Unha sinxela indagación a través de internet permite comprobar que existen diversas opcións en librerías de segunda man para adquirir os volumes das traducións latinoamericanas orixinais no territorio español. Entre estas alternativas, pódense atopar exemplares procedentes de distintas editoriais e edicións, o que evidencia unha certa variedade no contrabando.

Atendendo aos informes de censura do AGA24, o 24 de xuño de 1955, Eduardo Figueroa Gneco presenta unha autorización para introducir a obra *O Segundo Sexo* a España, era posiblemente un traballador dunha pequena editorial, xa que interesaba facer un tiraxe corto de 200 exemplares en dous volumes e por 180 pesetas. Como a maioría das solicitudes de importación, non houbo informe algún de censores e un mes despois da presentación da solicitude suspendíase a petición e cerrábase o expediente sen deixar máis marca<sup>41</sup>.

Se poñemos o noso foco fóra da península, a primeira edición na lingua española é pertencente á editorial Leviatán de Bos Aires, datada no ano 1952 e traducida por Pablo Palant<sup>42</sup>. Se ben é certo que a publicación non tivo moito interese na sociedade da época en Arxentina fóra dos ámbitos intelectuais, máis que nada pola falta de publicidade dos autores nos medios de comunicación, a súa publicación na década dos cincuenta xunta con outros libros do mesmo ámbito levou a un período de preparación para o salto que supoñería o feminismo dos anos setenta.

---

<sup>40</sup> Ibid., pág. 43

<sup>41</sup> Godayol, Tres escritoras censuradas: Simone de Beauvoir, Betty Friedan y Mary McCarthy, 2017, pág. 37

<sup>42</sup> Álvarez Carrillo, 2021

As opinións en Arxentina eran moito máis favorables que na península, encontrándonos con comentarios en revistas como *Vea y Lea*, onde comentaban sobre a obra de Simone de Beauvoir *La Sangre de los Otros*<sup>43</sup>: “No sólo la novela ha encarado con éxito Simone de Beauvoir. Lo ha hecho también en el campo del ensayo y de la ciencia, como en *El Segundo Sexo*”<sup>44</sup>.

Se ben é certo que o libro de Beauvoir estendeuse internacionalmente, hai que ter en conta que as traducións realizadas non eran sempre perfectas, nin con gran calidade: a edición arxentina de 1957 non é unha adaptación da obra, pero si podemos observar discrepancias en comparación coas versións máis actuais<sup>45</sup>.

As primeiras traducións de *O Segundo Sexo* en xaponés e inglés presentaban grandes discrepancias coa obra orixinal. Na versión xaponesa, o termo feminidade cambiouse por maternidade, dándolle un enfoque biolóxico que eliminaba as connotacións negativas do texto. Na primeira tradución inglesa, feita por un zoólogo xubilado, a obra foi moi resumida e modificada, creando unha bela infiel<sup>46</sup> que non reflectía fielmente o orixinal. Trátase dunha bastardización da obra, similar ao que pasaba coas traducións dos textos da antiga Grecia ao francés, que se adaptaban ao gusto e ás costumes da época. Na versión estadounidense, eliminouse arredor do 15% do texto e desapareceron moitas citas de autoras como Virginia Woolf, Colette e Sofía Tolstói.<sup>47</sup>

No caso da edición arxentina de 1957, encontrámonos con discrepancias principalmente de omisión, dalgunha maneira tentando adaptar o texto ao público receptor; observamos tamén unha tradución máis rixida, é dicir, máis literal da obra e con unha distorsión da mensaxe. Teríamos que esperar anos ata a publicación de novas edicións máis fieis á obra orixinal nestas linguas<sup>48</sup>.

---

<sup>43</sup> Publicación do 26 de xaneiro de 1956.

<sup>44</sup> ¿Pero lo leíste en los cincuentas, o mas adelante?: Memorias de la primera edición argentina de *El Segundo Sexo*., 1999 pág. 2

<sup>45</sup> Álvarez Carrillo, 2021, pág. 51

<sup>46</sup> De la Argentina al mundo hispanoamericano : Las traducciones con acento porteño de la obra de Simone de Beauvoir, 2008 pág. 2

<sup>47</sup> Domínguez, 2019, pág. 9

<sup>48</sup> Álvarez Carrillo, 2021, pág. 49

Pero se volvemos a España, destacan as publicacións catalás, xa que estas estaban especialmente interesadas na modernización da sociedade: a primeira publicación de *O Segundo Sexo* en España será en 1968 pola editorial Edición 62 cun prólogo de María Aurelia Capmany, non obstante esta publicación tería unha historia anterior, publicada co nome *El Segon Sex*<sup>49</sup>.

Entre os anos 1962 e 1966 o ministro de Información e Turismo, Manuel Fraga comezou a revisar os criterios das publicacións de libros e abríronse as portas a libros en galego, vasco e catalán<sup>50</sup>; con esta liberización da censura, hai un aumento notable de traducións, sobre todo en catalán que vivían nunha época de ansia polo avance social. Sería neste contexto cando comezamos a ver as primeiras publicacións das obras de Simone de Beauvoir.

Sería a partir de 1966, cando a Lei de Fraga<sup>51</sup> para erradicación da censura se aprobou cando se publicou a primeira obra en catalán de Simone de Beauvoir; grazas á boa acollida da primeira tradución, outras obras de Beauvoir comezaron a ser publicadas, entre 1966 e 1969 publícanse seis obras da autora. Anterior a iso, vemos dous intentos de publicación por Edicións 62 e AC, por teren sido feitas antes da Lei de Prensa e de Imprenta de Fraga, no mes de abril de 1965. Logo desta primeira denegación, volvemos a encontrar unha solicitude no ano 1967 que finalmente consegue a autorización o 20 de xuño de 1968 (táboa 1)<sup>52</sup>.

*El Segon Sex (O Segundo Sexo)*, chegou nun momento clave para o novo movemento feminista catalá. Da man dos seus embaixadores, o editor Josep Maria Castellet que fixo solicitudes de publicación ata que conseguiu o permiso e a escritora Maria Aurèlia Capmany que prologou o libro e difundiu as ideas con artigos<sup>53</sup>.

---

<sup>49</sup> Corbí Sáez, 2010, pág. 175

<sup>50</sup> Godayol, Tres escritoras censuradas: Simone de Beauvoir, Betty Friedan y Mary McCarthy, 2017

<sup>51</sup> Lei de Prensa e imprenta do 18 de marzo de 1966, invalidando a anterior do 29 de abril de 1938 quitando a censura previa obrigatoria.

<sup>52</sup> Godayol, Simone de Beauvoir bajo la dictadura franquista las traducciones al catalán, 2015, págs. 20, 22

<sup>53</sup> Godayol, Tres escritoras censuradas: Simone de Beauvoir, Betty Friedan y Mary McCarthy, 2017, pág. 23

Adicionalmente, grazas a esta nova lei, varias editoriais latinoamericanas abriron as súas sucursais en territorio peninsular, maila iso, teríamos que esperar ata 1972 para encontrarnos cunha tradución en castelán de *O Segundo Sexo* pola editorial Aguilar (táboa 2)<sup>54</sup>.

## A recepción de *O Segundo Sexo* na cultura española

### Contexto lexislativo

O movemento feminista español naceu ao final da ditadura, aínda que podemos considerar que é unha continuación da anterior época tentando recuperar os adiantos do reformismo republicano. Coa morte do ditador Francisco Franco, temos unha transición cara a democracia, onde se retornan os dereitos aos cidadáns, feito destacable para as mulleres pois deixan de ter tutela marital e volven a ser cidadás de pleno dereito.

Por suposto, hai que ter en conta que anteriormente vimos unha evolución dos dereitos das mulleres, eliminando certas discriminacións no ámbito do dereito privado como coa lei de 1961 sobre os dereitos políticos, profesionais e de traballo da muller<sup>55</sup> que supón un avance en canto a lexislación do Foro de Traballo de 1938. Esta nova lei foi proposta pola Delegación da Sección Femenina de Falange Española Tradicionalista e das Xuntas de Ofensiva Nacional Sindicalista<sup>56</sup>, un proxecto de lei que por fin buscaría mencionar os dereitos políticos, profesionais e laborais das mulleres e finalmente darlles o dereito ao traballo<sup>57</sup>. A reivindicación dos dereitos da muller recuperouse con forza grazas ao cambio no traballo familiar e profesional, aínda seguindo a clásica división de xénero laboral.

Coa chegada da década dos setenta encontrámonos cunha maior apertura ao exterior da sociedade, amplificado no período de transición á democracia, causando avances inevitábeis nos habitantes e afianzando o movemento feminista: aparecen agrupacións de

---

<sup>54</sup> Álvarez Carrillo, 2021

<sup>55</sup> Nielfa Cristóbal, 2002, pág. 159

<sup>56</sup> Madruga Bajo, 2020, pág. 118

<sup>57</sup> Creado por interese, xa que moitas das mulleres que traballaban neste grupo como formadoras para a esposa ideal non se casarían nunca. Helgadóttir, 2024, pp. 18-21

mulleres en toda a nación conseguindo presionar a política para que a Constitución de 1978 fixérase non discriminadora por sexo<sup>58</sup>. Xa con anterioridade podemos observar que grazas ao comezo da apertura nos anos cincuenta pola crise económica non só permitiu que empresas internacionais se establecesen no territorio nacional senón tamén que chegase o turismo estranxeiro e a saída dos españois a buscar traballo no exterior, causando movemento social<sup>59</sup> coa influencia de ideas novidasas.

Foi sobre todo con esta apertura cando comezouse a ter unha alza da literatura feminista estranxeira. Pese a todo, hai que recoñecer que esta apertura e chegada de literatura novidosa era condicionada por intereses e obxectivos políticos e sociais dos académicos contrarios ao réxime: buscábanse novos modelos renovadores para a sociedade e, así, converxeuse a segunda onda do feminismo estranxeiro, en particular do anglosaxón, coa sociedade da España en transición<sup>60</sup>.

Na península encontrámonos con algunhas escritoras feministas antes desta transición, tales como María Laffitte, que eran excepcións permitidas dentro da sociedade anti-feminista, consideradas pontes entre o feminismo de antes da Guerra Civil e de despois da ditadura. Con todo, encontrámonos con dúas etapas na evolución do movemento feminista español: primeiro o feminismo histórico de finais do século XIX e o primeiro terzo do século XX, antes da Guerra Civil e, logo, a segunda onda do feminismo remóntase aos anos setenta e co auxe na Transición<sup>61</sup>.

Cómpre salientar que, tanto no feminismo histórico como na segunda onda feminista, as demandas das mulleres non se centraron nunha cidadanía de carácter político, senón social. As principais reivindicacións dirixíronse cara á mellora da educación feminina e á incorporación das mulleres ao ámbito laboral<sup>62</sup>. No caso do feminismo histórico, isto débese a que se trataba dunha formulación inicial, mentres que na segunda onda influíu a ausencia dun réxime político democrático. Esta orientación estratéxica fixo posible que,

---

<sup>58</sup> Ortiz Heras, 2006, p. 15

<sup>59</sup> Corbí Sáez, 2010, pp. 171-172

<sup>60</sup> Romero Pérez, 2012

<sup>61</sup> Moreno Seco, 2005

<sup>62</sup> De por si, non existiu un movemento sufraxista con respaldo entre a sociedade feminina española, había iniciativas puntuais e algunhas interesadas, pero o interese das mulleres estaba centrado en outros ámbitos. García Morales, 2019, pág. 11

nunha fase posterior, xurdise un feminismo de carácter político. Unha vez culminado este proceso de avance, as organizacións feministas de inspiración católica comezaron a confluír coas laicas, compartindo a maior parte das súas reivindicacións, agás en cuestións como o aborto ou a concepción da familia. A pesar destas diferenzas, mantívose sempre un respecto mutuo polas distintas propostas formuladas<sup>63</sup>.

As prioridades deste novo movemento eran similares ao que xa se estaba xestando en EEUU e outras potencias democráticas, a pesar de que España non contaba con características específicas que países como Estados Unidos, Alemaña ou Italia tiñan ao ser escenarios políticos democráticos, mentres que a península mantiña a ditadura instaurada tralo golpe militar.

Esta segunda onda do feminismo nata entre os anos sesenta e setenta foi un cuestionamento á opresión e discriminación que as mulleres sufrían tanto en debates políticos como sociais, influenciado fortemente polo movemento feminista internacional que se trataba de cambios sociais e políticos, así como a recoñecida revolución sexual e acompañada do movemento dos dereitos civís<sup>64</sup>.

Previo ao ano 1975 non había realmente moita actividade pública en canto o movemento feminista en España, porén, encontrámonos coa creación dos Centros de Formación Familiar y Social, os cales estaban vinculados aos grupos de Mujeres de Acción Católica, posteriormente estes centros pasarían a denominarse Centros de Cultura Popular y Promoción femenina<sup>65</sup>.

Mais que iso, observamos a aparición de organizacións feministas variadas e grupos de mulleres xa co interese de concienciar á sociedade sobre os problemas da segregación de xénero e a opresión. As organizacións feministas máis importantes nesta onda son La Asociación de Mujeres para el Avance y la Defensa de los Derechos Sexuales y Reproductivos, La Asociación de Mujeres Juristas e La Plataforma 8 de Marzo<sup>66</sup>.

---

<sup>63</sup> Moreno Seco, 2005, pp. 137, 138

<sup>64</sup> Helgadóttir, 2024, p. 19

<sup>65</sup> Moreno Seco, 2005, pág. 147

<sup>66</sup> Helgadóttir, 2024, pág. 20

Moitas das católicas dos primeiros grupos integráronse despois de 1974 ao movemento feminista, e no ano 1975 temos a primeira celebración do Ano Internacional da Muller, onde mulleres de toda a península se coordinaron, facendo a primeira manifestación pública do movemento feminista español da segunda onda<sup>67</sup>.

Por suposto toda esta loita foi enfrontada de cara con rebeldía e oposición de parte da sociedade, aínda condicionada aos valores da sociedade tradicional e tamén opostas pola política. O maior desafío destes grupos era a súa loita contra os valores creados pola ditadura e mantido tamén polo apoio da Igrexa Católica no territorio peninsular<sup>68</sup>. Teríamos que esperar ata 1985 para que as mulleres recuperaran todos os dereitos perdidos pola ditadura.

## Os periódicos

Se revisamos a recepción de *O Segundo Sexo*, vemos que a segunda onda feminista o adoptou como referente. A partir dos anos sesenta, os medios comezan a referirse a el en castelán, o que suxire que xa circulaban edicións latinoamericanas recoñecidas polo público<sup>69</sup>.

Comezamos a ver, entón, maior mención de *O Segundo Sexo*. Na España da década dos sesenta vemos a mención en diferentes periódicos da autora, a pesar das restricións impostas pola ditadura. É necesario facer unha periodización dos artigos publicados nos diarios dende a aparición das obras de Beauvoir ata a actualidade; o primeiro período dende 1945 ata 1974 podería considerarse un de totalitarismo, onde os diarios estaban sometidos a certa ideoloxía. Non obstante, co paso do tempo veríase unha relaxación.

A segunda periodización sería de 1975 a 1985, cunha maior apertura da liberdade de prensa e o comezo das referencias constantes do activismo feminista da autora. Dende o 1986 ata 1998 temos unha etapa periodística marcada pola morte da autora, causando unha multiplicación de artigos sobre ela que continuará nos seguintes anos que aumentará

---

<sup>67</sup> Moreno Seco, 2005, pág. 148

<sup>68</sup> Helgadóttir, 2024, pp. 20-21

<sup>69</sup> Corbí Sáez, 2010, pág. 173

no século XXI dunha maneira exponencial grazas ás novas tecnoloxías e a terceira onda do movemento feminista español<sup>70</sup>.

En *La Vanguardia Española*, por exemplo, que era progresista, liberal e de estirpe catalá, non deixaron de falar de Simone de Beauvoir e as súas obras<sup>71</sup> sobre todo debido ao compromiso da autora ao activismo<sup>72</sup>; neste caso os artigos dedicados á autora dende 1945 ata 2009 son de 478 entradas. Dende 1945 a 1974 vemos unha continua relaxación das restricións do réxime, moitas das entradas falan dos viaxes de Beauvoir e o seu marido polo mundo como “*embaixadores intelectuais franceses da esquerda*”<sup>73</sup>.

No ano 1967 este periódico publicaría o artigo *La mujer y la sociedad* que fala do mito da feminidade, escrito Concha Alos onde fai alusión constante a Simone de Beauvoir e a súa obra, falando da emancipación da muller española e usando á autora como referente<sup>74</sup>.

Logo dende 1975 ata 1985 temos varias entradas sobre o interese e activismos feminista, anotacións sobre reflexións da lei de contracepción, sobre a des-penalización do aborto e sobre medidas de loita contra a cultura patriarcal; crease entón un espazo de mención destes temas reprimidos e de recoñecemento da autora. No 17 de setembro do ano 1981 vemos a chegada da obra por un anuncio en *La Vanguardia Española*, incluído no terceiro tomo dunha colección e publicado pola editorial Aguilar: o primeiro tomo foi publicado en 1972, o segundo en 1977 e teríamos que esperar ata 1981 para conseguir o último<sup>75</sup>.

Sería no seguinte período de tempo, entre 1986 e 1998 que temos que destacar a morte de Simone de Beauvoir que causou unha alza de artigos e crónicas en honor á autora falando do seu compromiso feminista e da importancia das súas obras á literatura<sup>76</sup>.

No periódico *ABC*, hai 721 entradas entre os anos 1943 e 2009, sendo principalmente destes últimos anos, a maioría destas entradas inclínanse a escribir sobre a autora de

---

<sup>70</sup> Ibid., pp, 184-186

<sup>71</sup> Este diario publicou un artigo negando as acusacións e críticas da autora cara o réxime español, pero a mediados dos anos cincuenta publicáronse varios artigos, reseñas e crónicas favorables sobre a autora Grisaleña López, 2019, pág. 13.

<sup>72</sup> Ibid.

<sup>73</sup> Corbí Sáez, 2010, pp. 181, 182

<sup>74</sup> Ibid., páx, 185

<sup>75</sup> Martínez Pérez, 2023, pág. 70

<sup>76</sup> Corbí Sáez, 2010, p. 184

maneira opositora e apelativa. Tamén vemos neste periódico unha mención da publicación en español do ano anterior da obra pola editorial Aguilar, o 16 de marzo de 1982, incluída no terceiro tomo das *Obras Completas* de Simone de Beauvoir<sup>77</sup>.

O seguinte periódico do que falaremos trataríase de *El País*, tamén de esquerdas e seguidor fervente dos acontecementos franceses culturais e políticos. Dende o ano 1976 contamos con 471 entradas sobre Simone de Beauvoir, e en todos destacan e valoran o pensamento da autora, considerándoo moderno e con repercusión importante<sup>78</sup>.

Xa na década dos setenta temos os comentarios breves de Carmen Martín Gaité afirmando que a actitude da autora é belixerante e que antes de desmitificar a muller debíase conseguir o control da economía feminina. Aínda que máis adiante, ao volver a comentar sobre a obra de Beauvoir, considéraa con mellores ollos<sup>79</sup>.

En 1975, Charo Ema e María Ángeles Martín destacaron *O Segundo Sexo* na *Bibliografía feminista fundamental*<sup>80</sup>, publicada en *El Urogallo* polo Ano Internacional da Muller (1975), lamentando a súa chegada tardía a España. Aqueles anos marcaron a súa entrada oficial, e o xornalista Lluís Permanyer escribiu unha reseña na que recoñecía a importancia de Beauvoir para o feminismo, aínda que tamén expresaba certas reservas sobre algúns puntos do ensaio.<sup>81</sup>

Se analizamos os artigos publicados por autores masculinos e femininos, podemos observar unhas claras diferenzas: os xornalistas amosaban un ton máis crítico e defensivo, acompañado dun certo desprezo e paternalismo, votando cara a censura do libro. Mentres, as xornalistas encontraban a obra reivindicativa, usando un ton dialogante e amosando unha análise profunda desta para usala na defensa da posición da muller.

A partir de 1982 xa nos encontramos cunha variación da visión que os periódicos tiñan sobre Beauvoir. No *ABC* publícase un artigo polo 75 aniversario sobre a autora, referíndose á súa obra como un gran paso para entender a evolución da muller; dous anos

---

<sup>77</sup> Martínez Pérez, 2023, p. 80

<sup>78</sup> Corbí Sáez, 2010, pág. 185

<sup>79</sup> Celaya, 2007, p. 229

<sup>80</sup> Martínez Pérez, 2023, p. 77

<sup>81</sup> Ibid.

despois a revista *Desde el feminismo* publica no seu primeiro número dous artigos: un sobre o existencialismo e outro sobre o existencialismo e feminismo de Beauvoir<sup>82</sup>.

O 15 de abril de 1986, o diario *ABC* publica na súa sección de cultura un homenaxe á escritora: escrito por José García, pon as palabras de Carlota Bustelo directora do Instituto da Muller no diario, recoñecendo a importancia de *O Segundo Sexo* no movemento feminista español a pesar das dificultades que tivo para chegar ao país. Aparecen tamén mencións dun artigo bastante anterior, de 1964, que fai referencias constantes á importancia do ensaio, trátase do texto *Volviendo al punto de partida*, escrito por Rosa Chacel<sup>83</sup>.

Como xa se dixo, a morte da escritora causou unha alza de artigos sobre ela; a revista *Mujeres*, do Instituto da Muller, lanza o seu decimo terceiro número cun dossier sobre Beauvoir co título de *Las mujeres frente a las elecciones*<sup>84</sup>.

Por suposto, non podemos contar cos diarios como únicos publicistas da autora nesta época de revolta social, ademais destes, tamén temos a autoras variadas que se interesaron pola obra. En 1974, a escritora Victoria Sau publica o chamado *Manifiesto para la liberación de la Mujer*<sup>85</sup>, onde fala de Simone de Beauvoir e a súa denuncia da desigualdade e politización dos grupos das mulleres.

Outra autora importante no feminismo español é Cèlia Amorós, a cal no ano 1976 publicou unha antoloxía do pensamento de Beauvoir, e que posteriormente será insertado no seu libro *Hacia una crítica de la razón Patriarcal*, facendo un capítulo completo do libro. En esa mesma liña de pensamento beavoriano, temos o seu Seminario Permanente Feminismo e Ilustración na Universidade Complutense de Madrid, onde se reuniu durante 5 anos con diversas intelectuais para rematar nun conxunto de traballos publicados sobre estas reunións. Este seminario estaba baseado na reconstrución do pensamento feminista

---

<sup>82</sup> Ibid., pág. 80

<sup>83</sup> Ibid., pág. 81

<sup>84</sup> Ibid.

<sup>85</sup> Romero Pérez, 2012, p. 177

dende a perspectiva dos valores da Ilustración: a autonomía, a igualdade, a liberdade e a loita da razón contra os prexuízos<sup>86</sup>.

Ademais destas dúas autoras, tamén temos a Amelia Vacárcel. A cal, baixo o chamado Feminismo Ilustrado, faise representante do feminismo beauvoriano en España e chega a desenrolar unha extensa obra coa Ilustración feminista como centro. Acompañada de Cèlia Amorós, ambas son consideradas herdeiras do pensamentos de Simone de Beauvoir en España<sup>87</sup>.

En conxunto, a análise amosa un interese crecente por *O Segundo Sexo* de Simone de Beauvoir a medida que a sociedade española avanzada cara á democracia e se abría a novas correntes culturais e ideolóxicas. Esta obra non só foi acollida con entusiasmo por grupos feministas e organizacións de mulleres, que atoparon nela unha base teórica sólida para preparar as súas reivindicacións, senón tamén por intelectuais da época, que integraron nos debates académicos e políticos. O seu impacto estendeuse dende a circulación clandestina durante a ditadura ata a súa progresiva institucionalización do discurso do pensamento feminista, coa publicación de traducións e a súa presenza os medios de comunicación. Así, *O Segundo Sexo* consolidouse como unha ferramenta clave para a reflexión crítica sobre o xénero e desigualdade no contexto español.

## Renacemento do interese no século XXI

Logo da morte de Francisco Franco Bahamonde cando podemos observar un aumento das publicacións na lingua española das obras de Simone de Beauvoir. A desaparición do réxime ditatorial supuxo unha apertura tanto política como cultural, e este novo contexto permitiu a circulación de obras que anteriormente foran censuradas ou ignoradas polas institucións oficiais. Neste sentido, o interese polo pensamento feminista e existencialista, ata entón marxinalizado, comezou a gañar terreo entre lectores, académicos e editoriais.

Non falamos só da obra *O Segundo Sexo*, senón tamén obras anteriormente traducidas, pero das que publícanse novas edicións: libros como *Todos os homes son mortais* (*Tous*

---

<sup>86</sup> Romero Pérez, 2012, pág. 181

<sup>87</sup> Ibid., pág 180

*les hommes sont mortels*), ou *As Mandarinas (Les Mandarins)* que foran editados por primeira vez en España no ano 1956, recibiron novas edicións nos anos posteriores ao remate da ditadura. Estas reedicións non só implican unha posta ao día editorial, senón que tamén nos amosan unha evidencia de interese crecente polo legado literario e filosófico de Beauvoir, tanto por parte das editoras como do público lector.

En canto *O Segundo Sexo*, unha das edicións máis destacadas no territorio español chegou en 1998, coincidindo coa celebración do quincuaxésimo aniversario da súa publicación orixinal en Francia, promovida como unha iniciativa do Instituto Universitario de Estudos da Muller da Universitat de València, o Instituto da Muller e a editorial Cátedra na colección Feminismos<sup>88</sup>. A tradución foi realizada por Alicia Martorell, e o volume contou cun prólogo introdutorio de Teresa López Pardina<sup>89</sup>, o que lle conferiu un carácter académico e divulgativo moi importante para a súa difusión.

Posteriormente, en 2005, apareceu en España unha nova edición da mesma obra, dividida en dous volumes e tamén baixo o selo de Cátedra, coa tradución e o prólogo a cargo das mesmas autoras. Esta versión estableceuse como a máis coñecida e utilizada a nivel peninsular, senón a única, converténdose nunha referencia fundamental. A súa vixencia mantense ata hoxe en día, con reedicións constantes, sendo a máis recente a do ano 2023, o que demostra a permanencia do interese pola obra.

Co motivo do centenario do nacemento de Simone de Beauvoir, celebrado en 2008, rexistrouse un novo impulso editorial que deu lugar a diversas traducións e publicacións. Entre elas, destaca especialmente a primeira tradución ao galego de *O Segundo Sexo*, publicada ese mesmo ano, froito dunha coedición de Xerais e a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galiza. En 2010 saíu á luz a tradución do segundo tomo<sup>90</sup>, traducido por Marga Rodríguez Marcuño, completando así por primeira vez a tradución íntegra da obra á nosa lingua. Este feito supón un fito significativo na historia da tradución feminista en Galicia.

---

<sup>88</sup> Godayol, *Tres escritoras censuradas: Simone de Beauvoir, Betty Friedan y Mary McCarthy*, 2017, pág. 40

<sup>89</sup> Corbí Sáez, 2010, pág. 178

<sup>90</sup> Godayol, *Tres escritoras censuradas: Simone de Beauvoir, Betty Friedan y Mary McCarthy*, 2017, pág. 48

Por outra parte a primeira tradución ao éuscaro non chegou ata o 4 de decembro de 2019. Esta edición foi realizada pola editorial Elka, dentro da súa colección Eskafandra, e contou coa tradución de Irene Arrarats Lizeaga. A súa publicación marcou un paso importante no acceso da poboación euskerense ao pensamento beuvoriano dende a súa propia lingua, poñendo en valor a necesidade de facer accesibles as grandes obras de teoría feminista en todas as linguas do Estado.

Por outra banda, nos últimos anos observamos un crecemento progresivo e sostido da presenza das mulleres nos programas educativos, tanto no ensino obrigatorio como nos niveis superiores. Comezan a introducirse contidos relacionados con figuras femininas destacadas en distintas áreas do coñecemento: desde a arte ata as ciencias, pasando pola literatura e a filosofía. Esta inclusión, aínda que desigual e incipiente, é un reflexo dos esforzos por incorporar unha perspectiva de xénero á educación e corrixir a omisión sistemática das achegas femininas na historia do pensamento<sup>91</sup>

A presenza de Simone de Beauvoir nos plans de estudos da Xunta de Galicia segue a ser limitada, xeralmente reducida a materias optativas ou mencións puntuais en bacharelato, segundo o criterio do profesorado e da Consellería. A pesar da súa relevancia, a súa obra non é parte central do currículo oficial. Porén, no curso 2024/2025 dáse un paso adiante: por primeira vez, o programa de bacharelato e a EVAU inclúen voces femininas de forma explícita, entre elas a de Beauvoir, grazas á decisión do profesorado. Este feito constitúe un paso adiante na visibilización das mulleres na educación secundaria, malia que aínda queda moito por facer para lograr unha presenza proporcional e estruturada<sup>92</sup>.

Esta tendencia pode observarse con claridade nos resultados da enquisa na figura 1, onde máis da metade das persoas enquisadas recoñecen ter coñecido a autora a través do ámbito educativo. Este dato confirma a importancia que segue a ter o ensino regrado como vía de transmisión do coñecemento filosófico e feminista, especialmente entre o alumnado de ramas humanísticas e sociais.

---

<sup>91</sup> Consellería de Cultura, Decreto 156/2022, 2022

<sup>92</sup> Consellería de Cultura, Decreto 157/2022, 2022

Así mesmo en moitos casos, a obra e a figura de Simone de Beauvoir chegan ás novas xeracións a través das redes sociais e plataformas dixitais como destacamos coa figura 2. Cada vez son máis as mozas que descubren o seu pensamento mediante vídeos en TikTok, canles de YouTube, publicacións en Instagram ou mesmo a través de podcasts e cancións que fan referencia á autora e ao seu legado. Esta nova canle de difusión, moito máis inmediata e adaptada aos hábitos culturais da xuventude, está a xogar un papel clave na transmisión do feminismo de forma accesible e viral. De feito, segundo os datos recollidos por unha enquisa de 150 rapaces e rapazas galegas de entre 14 e 25 anos, unha porcentaxe considerable da mostra afirma ter coñecido a autora precisamente por estas vías dixitais como se pode observar na figura 3.

Cómpre subliñar que a presenza de Simone de Beauvoir nas redes sociais é especialmente destacada nos espazos anglófonos, onde existen máis contidos dedicados á súa obra en formatos divulgativos e pedagóxicos. Pola contra, nas redes sociais en lingua española, aínda que existe unha presenza crecente, esta é menos intensa e sistemática. Esta diferenza revela non só unha cuestión lingüística, senón tamén a necesidade de reforzar a divulgación feminista en contextos hispanos, especialmente desde institucións educativas, culturais e medios de comunicación.

En relación a estes últimos, o crecemento do interese por Simone de Beauvoir tamén é evidente. Unha simple busca do seu nome nos principais xornais permite constatar o aumento do número de artigos que fan referencia á súa vida, obra e pensamento. Así, inspirándonos no traballo de Inmaculada Martínez Pérez, fixen un repaso polas webs de dous dos diarios anteriormente mencionados. No caso de *La Vanguardia Española*, dende o ano 2012 contabilízanse xa 228 artigos que mencionan á autora ou algunha das súas publicacións<sup>93</sup>. No xornal *El País*, un dos de maior tirada estatal, atopamos arredor de 164 artigos no mesmo período<sup>94</sup>. Se comparamos estas cifras coas décadas anteriores observamos un incremento notable da súa presenza nos medios, o que demostra o asentamento definitivo da autora no imaxinario cultural español contemporáneo, aínda

---

<sup>93</sup> Fonte: *La Vanguardia*

<sup>94</sup> Fonte: *El País*

que non hai que restar importancia ás facilidades que supuxeron as novas tecnoloxías en canto o aumento de artigos en xeral.

Este interese crecente tamén se ve reflectido na celebración de xornadas, congresos e exposicións dedicadas á súa figura, tanto dentro como fóra do ámbito universitario. En universidades españolas e centros de investigación, Simone de Beauvoir convértese nunha referencia imprescindible para os estudos de xénero, a filosofía contemporánea e a historia do pensamento feminista. O seu legado, lonxe de esmorecer co paso do tempo, revitalízase a través da mirada crítica das novas xeracións de investigadoras e estudantes que atopan nela unha guía para interpretar e cuestionar as desigualdades actuais.

## Conclusións: legado na historia do feminismo en España

A obra *O Segundo Sexo* de Simone de Beauvoir constitúe un dos alicerces teóricos máis sólidos do feminismo contemporáneo. A súa análise da construción social do xénero e da subordinación histórica das mulleres marcou un antes e un despois na filosofía, na teoría crítica e nos movementos de emancipación feminina. A forza do seu pensamento, enraizado no existencialismo pero con proxeccións múltiples sobre o ámbito social, político e cultural, permitiu que a súa obra fose lida e reinterpretada en contextos moi diversos. O caso español é especialmente significativo pola complexidade da súa recepción, marcada pola censura, a represión ideolóxica e as barreiras editoriais impostas pola ditadura franquista.

A pesar deste contexto adverso, a circulación clandestina de edicións latinoamericanas, a acción persistente de editoriais catalás e a vontade de intelectuais comprometidas co cambio social fixeron posible a entrada de *O Segundo Sexo* en España. As décadas de 1960 e 1970 constituíron un período decisivo, xa que a progresiva liberalización da censura permitiu que o pensamento de De Beauvoir comezase a ocupar un lugar lexítimo no debate intelectual. A aparición das primeiras traducións ao castelán e ao catalán, así como a súa inclusión en artigos de prensa, conferencias e estudos universitarios, contribuíu á súa consolidación como obra de referencia.

Durante a Transición democrática, o pensamento de De Beauvoir articulouse con forza coas reivindicacións do feminismo español, nun contexto no que as mulleres recuperaban dereitos civís, políticos e laborais. Autoras como María Laffitte, Cèlia Amorós ou Amelia Valcárcel, entre outras, puxeron en diálogo as categorías filosóficas de Beauvoir coas realidades sociais da muller española, abrindo camiños para unha crítica estruturada ao patriarcado desde unha perspectiva laica, racional e ilustrada. Estas voces foron fundamentais para institucionalizar o feminismo nos espazos académicos, nas políticas públicas e nos medios de comunicación, facendo de *O Segundo Sexo* un texto canónico dentro da formación teórica feminista.

Xa a finais do século XX e comezos do XXI, asistimos a un renacemento do interese pola obra de Beauvoir, reforzado polas novas edicións académicas e polas traducións ás linguas cooficiais do Estado. A publicación do texto en galego e éuscaro, por exemplo, supuxo un fito na democratización do acceso ao pensamento feminista e unha aposta clara pola pluralidade lingüística na transmisión das ideas. Ao mesmo tempo, a presenza crecente de Simone de Beauvoir nos programas educativos, na cultura popular e nas redes sociais confirma a actualidade do seu legado e a súa capacidade para conectar coas novas xeracións, especialmente nun momento histórico no que o feminismo volve situarse no centro do debate político e social.

Neste traballo analizouse o proceso histórico da recepción de *O Segundo Sexo* en España, desde a súa publicación orixinal ata a súa incorporación definitiva ao imaxinario cultural contemporáneo. A través da revisión de fontes primarias e secundarias, puxéronse en valor os esforzos individuais e colectivos que fixeron posible a súa difusión, e destacouuse a importancia da obra como catalizadora dun pensamento crítico que segue a interpelar as estruturas de poder e desigualdade. *O Segundo Sexo* non só é unha obra clave para entender a historia do feminismo, senón tamén unha ferramenta para pensar o presente e construír un futuro máis xusto e igualitario.

A súa lectura, hoxe, continúa sendo un acto político, unha oportunidade para reflexionar sobre os mecanismos que reproducen a opresión e para reforzar o compromiso coa igualdade real. O legado de Simone de Beauvoir, lonxe de estar pechado, permanece en

expansión constante grazas á acción de lectoras, investigadoras, docentes e activistas que atopan nas súas páxinas unha fonte inesgotable de inspiración, análise e loita.

## Bibliografía

- Álvarez Carrillo, P. (2021). Análisis comparativo de dos traducciones de la obra *El Segundo Sexo*, de Simone de Beauvoir. Universidad Europea.
- Álvarez Rodrigo, Á. (2024). «¡Mujer! Quiero hablar contigo...». La construcción de la feminidad a través de las revistas cinematográficas durante el primer franquismo. *Historia y Memoria de la Educación*, 437-469.
- Cagnolati, B., Gentile, A. M., Forte Mármol, A., & Vieguer, F. (2008). De la Argentina al mundo hispanoamericano : Las traducciones con acento porteño de la obra de Simone de Beauvoir. La Plata.
- Celaya, B. (2007). El Amor es una Tara: Cuadernos de todo, de Carmen Martín Gaité. *Neophilologus*, 221-241.
- Consellería de Cultura, E. F. (15 de Setembro de 2022). Decreto 156/2022. *ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia*.
- Corbí Sáez, M. (15 de Xuño de 2010). Simone de Beauvoir en España: sus obras traducidas y su recepción en la prensa. *Universidade de Alicante*, 165-191.
- Cornellá-Detrell, J. (2015). La obra de James Baldwin ante la censura franquista: el contrabando de libros, la conexión latinoamericana y la evolución del sector editorial peninsular. En *Represura. Revista de Historia Contemporánea española en torno a la represión y la censura aplicadas al libro*. (págs. 32-62). Alcalá: Universidad de Alcalá. Área de Literatura Española.
- De Beauvoir, S. (2023). *El Segundo Sexo*. Madrid: Ediciones Cátedra.
- Domínguez, S. (2019). Reseña bibliográfica: Simone de Beauvoir. UNNE.
- El País*. (s.f.). Obtenido de <https://elpais.com/>
- García Morales, E. (2019). *Mujeres, feminismo y Segunda República: la*. Zaragoza: Facultad de Filosofía y Letras.

- Godayol, P. (2015). Simone de Beauvoir bajo la dictadura franquista las traducciones al catalán. *Quaderns de Filologia: Estudis Literaris XX*, 17-34.
- Godayol, P. (2017). *Tres escritoras censuradas: Simone de Beauvoir, Betty Friedan y Mary McCarthy*. Albolote, Granada: Editorial Comares. Obtenido de <https://elibro-net.ezbusc.usc.gal/es/ereader/busc/161797?page=69>.
- Grisaleña López, R. (2019). *El caso de la recepción y traducción españolas de El Segundo Sexo de Simone de Beauvoir*. Biscaia: Euskal Herriko Unibersitatea.
- Helgadóttir, S. (2024). *La historia del feminismo en España, el papel de la mujer franquista y las feministas católicas dentro de la Iglesia*. Háskóla Íslands: Mála-og menningardeild / Spænska.
- La Vanguardia*. (s.f.). Obtenido de <https://www.lavanguardia.com/>
- López Pardina, T. (2023). *Prólogo de El Segundo Sexo*. Madrid, Madrid, España: Ediciones Cátedra.
- Madruga Bajo, M. (2020). *Feminismo e Ilustración*. Madrid: Ediciones Cátedra.
- Martínez Pérez, I. (2023). Juan García-Puente y El Segundo Sexo: Una traducción olvidada (1981). *Alfinge 34*, 67-89.
- Morant, I. (2017). El Segundo Sexo, de Simone de Beauvoir y el feminismo contemporáneo. *Saitabi. Revista de la Facultat de Geografia i Història*, 105-134.
- Morant, I. (2018). Lecturas de El Segundo Sexo de Simone de Beauvoir. *Descentrada 2*, 1-18.
- Moreno Seco, M. (2005). Cristianas por el feminismo y la democracia. Catolicismo femenino y movilización en los. *Historia Social*, 137-153.
- Nielfa Cristóbal, G. (2002). La difusión en España de El Segundo Sexo de Simone de Beauvoir. *Arenal*, 151-162.
- Ochoa Crespo, P. (2016). "El desequilibrio universal no mengua" Sofía Casanova ante el espacio público en la década de 1920. En E. Hernández Sandoica, *Espacio público*

*y espacio privado: miradas desde el sexo y el género* (págs. 171-210). Madrid: Abada Editores.

Ortiz Heras, M. (2006). Mujer y dictadura franquista. (28), 1-26.

Ortiz, A. S. (1999). ¿Pero lo leíste en los cincuentas, o mas adelante?: Memorias de la primera edición argentina de *El Segundo Sexo*. *Doxa. Cuadernos de Ciencias Sociales*, 1-7.

Pérez Lucas, P. (2016). Formulaciones discursivas y de género: una aproximación a las identidades y sujetos nacionales en Galicia (1900-1936). En E. Hernández Sandoica, *Espacio público y espacio privado: miradas desde el sexo y el género* (págs. 67-93). Madrid: Abada Editores.

Romero Pérez, R. (2012). El Legado de Simone de Beauvoir en la filosofía feminista española. *Revista Internacional de Culturas y Literaturas*, 173-184.

## Anexo

Táboa 1: información sobre os artigos mencionados no ensaio dende os anos 1950 ata o cambio de século.

<i>Ano</i>	<i>Autor/a / Medio</i>	<i>Publicación / Fonte</i>	<i>Tipo</i>	<i>Reseña / Contido Relevante</i>
1950	María Laffitte	<i>La Secreta Guerra de los Sexos</i> (2ª ed.)	Libro (prólogo)	Menciona a Beauvoir e a idea da muller como "outro".
1950s	Mercedes Formica	Artigo (non especificado)	Artigo	Analiza <i>O Segundo Sexo</i> e reflexiona sobre a muller en España.
1955	Rafaela Rodríguez	Revista <i>Eidos</i>	Artigo	Reseña crítica de Beauvoir; considérase anticristiá pero reconece a seriedade da obra.
1967	Descoñecido / <i>La Vanguardia Española</i>	Artigo xornalístico	Prensa	Fala do mito da feminidade, referindo a Beauvoir como referente.
1974	Victoria Sau	<i>Manifiesto para la liberación de la mujer</i>	Manifiesto	Cita a Beauvoir como influencia na denuncia da desigualdade.
1975	Charo Ema e M. Ángeles Martín	<i>El Urogallo</i> (número especial)	Artigo / Bibliografía	Inclúen <i>O Segundo Sexo</i> na súa selección de obras feministas fundamentais.
1976	Cèlia Amorós	Antoloxía publicada posteriormente	Antoloxía / Libro	Selección do pensamento de Beauvoir, incluída en <i>Hacia una crítica de la razón patriarcal</i> .
1981	Lluís Permanyer	<i>La Vanguardia Española</i>	Reseña xornalística	Comentario positivo, con reflexión crítica sobre aspectos do libro.
1982	Descoñecido / ABC	Entrada polo 75 aniversario de Beauvoir	Artigo conmemorativo	Reconece <i>O Segundo Sexo</i> como obra clave para entender a evolución da muller.

1986	José García	ABC (sección Cultura)	Artigo homenaxe	Recoñece a importancia da obra na voz de Carlota Bustelo, directora do Instituto da Muller.
------	-------------	-----------------------	-----------------	---

Táboa 2: información sobre a publicación das primeiras edicións das obras de Simone de Beauvoir.

<i>Ano</i>	<i>Editorial</i>	<i>País</i>	<i>Observacións</i>
1954	Editorial Psique	Arxentina	Publicación en español
1957	Leviatán	Arxentina	Publicación en español
1965	Edicións 62	España	Tentativa de publicación en catalán
1965	AC	España	Tentativa de publicación en catalán
1967	Edicións 62	España	Tentativa de publicación en catalán
1968	Edicións 62	España	Publicación en catalán
1972	Aguilar	España	Publicación en castelán

Figura 1: Coñecemento de Simone de Beauvoir e a súa obra no ámbito educativo.

### Coñecemento de Simone de Beauvoir e a súa obra no ámbito educativo




Figura 2: Coñecemento de Simone de Beauvoir nas redes sociais.

### Coñecemento de Simone de Beauvoir nas redes sociais




Figura 3: Redes sociais a través da que se obtivo información sobre Simone de Beauvoir e a súa obra.

